

SOMOS Á VEZ ARAÑA E MOSCA

Ter o sentimento de non estar ao cento por cento é algo que nos pode pasar con certa frecuencia, nomeadamente cando se posúe a poderosa capacidade de abstracción para a análise en varios tempos do espazo que se habita en cada momento.

Tamara Wassaf apréséntanos este ensaio fotográfico cun cabezal que nos leva a pensar no relato de Julio Cortázar. Andaba o arxentino na década dos 60 do século pasado, cando publica «La vuelta al día en 80 mundos» (de onde a autora saca o título), mergullado na súa época máis política e revolucionaria. Da pronta lectura desta obra vemos como o autor dialoga de avances musicais, de vangardas artísticas ou até de xeitos de vida, cun Estados Unidos xa puxante e influente noutros países. Logo da publicación póstuma de obras desta mesma época, puidose construír unha análise radicalmente diferente e ver como o que realmente estaba a crear era un dircurso identitario latinoamericano.

É con certeza o mesmo que nos traslada a autora neste traballo: servíndose de algúns artificios estéticos vai experimentando formas e seres nun intento por se externalizar e facerse corpo fóra dela procurando un discurso que lle sexa válido para ela, mais extrapolable a moitos corpos, nomeadamente de mulleres. Só nese proceso de cousificación do seu corpo vai vendo posibilidades identitarias das que se arma para se enfrentar aos retos diarios. Así explora a noción de 'retrato expandido' para indagar alén do corpo, descarnándoo e facéndoo pregos no espazo.

Traballa desde o concepto contemporáneo de 'Paisaxe intimista', unha paisaxe simbólica que desleas os límites entre a realidade e a representación. É por iso que escolle espazos concretos que lle serven como testimonios íntimos da relación corpo-entorno. As localizacións onde fotografa axúdanlle a crear esa Paixase e a construír un relato actual nostáxico situado en moitos tempos posibles, movéndose simultaneamente entre a memoria e o anhelo.

Imaxe após imaxe percibimos o xogo da multiplicidade de formas de habitar un espazo baleiro a medida que a autora vai debullando as ideas contrapostas corpo-ausencia. É tamén polo que se apropia de obxectos que definen a través de formas e cores, até de cheiros, o suxeito que fotografa: a identidade que procura.

Como o seu compatriota escritor, a autora é *«unha desas crianzas que desde o comezo levan consigo á adulta, de xeito que cando a monstroiña chega verdadeiramente a adulta ocorre que tamén esta leva consigo á crianza, e no medio do camino dase unha coexistencia poucas veces pacífica [...] isto manifestase no sentimento de non estar de todo en calquera das estruturas, das teas que arma a vida e nas que somos á vez araña e mosca.»**

Estar e non estar de todo, estar aquí e ser de alén, ou estar alén co sotaque de aquí é algo que marca a calquera emigrante. A condición de estranxeira de Tamara tamén é algo condicionante na súa obra que se fai palpable no uso de espazos, na habitación de lugares, quizais tentando arraigarse e estar. De unha vez por todas.

Vítor Nieves. Curador da exposición

*Cita de *La vuelta al día en 80 mundos* de Julio Cortázar